

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

12802 *ORDE SCO/1929/2007, do 22 de xuño, pola que se modifica o anexo X do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 157, do 2-7-2007.)*

O Real Decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO 2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006, SCO/3283/2006, e SCO/504/2007, do 5 de marzo, modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, unha delas mediante a letra B do anexo da Directiva 2006/81/CE da Comisión, do 23 de outubro de 2006, pola que se adapta a Directiva 95/17/CE no relativo á exclusión dun ou varios ingredientes da listaxe prevista para a etiquetaxe de produtos cosméticos. Esta directiva modifica o punto 2 do anexo X «Modalidades de concesión do número de rexistro a que se refire o artigo 17» do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, asignando os códigos correspondentes a Bulgaria e Romanía con motivo da súa adhesión. Así mesmo, actualízase a listaxe coa inclusión dos códigos dos estados membros que no ano 2004, mediante a acta de adhesión, se incorporaron á Unión Europea.

Mediante esta disposición trasponse parcialmente esta directiva ao ordenamento xurídico interno, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, e incorpóranse os Estados membros que no ano 2004, mediante a correspondente acta de adhesión, se incorporaron á Unión Europea.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo X del Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

No punto 2 do anexo X del Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, engádense os seguintes números de referencia:

«16 República Checa.
17 Estonia.

18 Chipre.
19 Letonia.
20 Lituania.
21 Hungría.
22 Malta.
23 Polonia.
24 Eslovenia.
25 Eslovaquia.
26 Bulgaria.
27 Romanía.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a letra B do anexo da Directiva 2006/81/CE da Comisión, 29 de setembro de 2006, pola que se adapta a Directiva 95/17/CE no relativo á exclusión dun ou varios ingredientes da listaxe prevista para a etiquetaxe de produtos cosméticos e a Directiva 2005/78/CE no que se refire aos requisitos do sistema de supervisión do control de emisións utilizable nos vehículos e ás exencións aplicables aos motores de gas, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de xuño de 2007, a ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

XEFATURA DO ESTADO

12868 *LEI ORGÁNICA 7/2007, do 2 de xullo, de modificación das leis orgánicas 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar, e 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, e do Real decreto-lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza. («BOE» 158, do 3-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A razón de ser dos Exércitos é a defensa militar de España, unha finalidade incompatible coa posta en risco da poboación ou da seguranza no curso das súas actividades cotiás de adestramento ou prácticas.

A realización de voos sen observar as medidas de seguranza necesarias constitúe un acto grave e de evi-dentes prexuízos, que debe ser sancionado tanto no ámbito penal coma no disciplinario.

Salvagardar as vidas e bens de terceiros, así como protexer a integridade dos pilotos, as aeronaves e as dotacións, exige o cumprimento rigoroso do establecido no Regulamento de circulación aérea operativa, o Regulamento de circulación aérea ou nas instrucións da cadea de mando. Este é o obxectivo desta lei, que establece un novo tipo penal e outro disciplinario. Ofrécese así unha resposta proporcionada a condutas que tan grave dano poden ocasionarlles aos cidadáns e ao prestixio dos exércitos.

Dunha parte engádeselle un novo artigo 170 bis ao Código penal militar para complementar o capítulo II, título VII, cuxa redacción actual resulta insuficiente para tipificar como delito as accións que agora, consonte esta lei, poderán ser penadas.

Ademais, tales accións encontrarán a súa correlativa infracción disciplinaria nunha nova causa de expediente gubernativo, enchendo así o baleiro dunha norma que carecía de previsión específica para elas. Agora, a responsabilidade disciplinaria poderá exixír-selles aos incumprimentos das ordes e instrucións relativas á navegación aérea ou ao plan de voo dunha aeronave militar, cando sexan causa de alarma social, de perturbacións á poboación civil ou cando se efectúen voos a baixa altura non permitidos.

Para previr estas condutas introdúcese unha nova sanción extraordinaria: a perda definitiva da aptitude aeronáutica para o voo; unha medida que se considera eficaz e idónea para quen, coa súa actitude irresponsable, sobrevoar a baixa altura as poboacións causándolles alarma ou perturbacións aos cidadáns que, pola súa condición militar, están obrigados a protexer.

Introdúcese no texto da lei unha disposición adicional pola que se modifica o disposto no Real decreto lei 8/2004, do 5 novembro, o cal, ademais, e por pura lóxica interna, supuxo igualmente que se engada unha disposición derradeira para subliñar que o dito contido da disposición adicional non ten carácter de lei orgánica.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar.*

Engádesse un novo artigo 170 bis, que quedará redactado nos seguintes termos:

«O comandante de aeronave militar que incumprir as normas, ordes ou instrucións relativas á navegación aérea ou ao plan de voo dunha aeronave militar, e puxer en risco a vida ou a seguranza das persoas, ou puxer en perigo a propia aeronave, será castigado coa pena de un a seis anos de prisión e inhabilitación definitiva para o mando de aeronaves militares.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.*

Un. Engádesse un número 8 ao artigo 17, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Incumprir as normas, ordes ou instrucións relativas á navegación aérea ou ao plan de voo dunha aeronave militar, sobrevoando a baixa

altura sobre núcleos ou zonas habitadas, ou causando alarma social, ou producíndolle perturbacións á poboación civil, sempre que non constitúa delito.»

Dous. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Son sancións disciplinarias extraordinarias:

A perda de postos na escala.

A perda definitiva da aptitude aeronáutica.

A suspensión de emprego.

A separación do servizo.»

Tres. Engádesse un artigo 19 bis, que quedará redactado nos seguintes termos:

«A perda definitiva da aptitude aeronáutica privará o sancionado da súa aptitude para o voo en calquera tipo de aeronave militar, sen que poida revalidala ou renovala, e levará consigo a anulación definitiva das tarxetas ou documentos acreditativos da aptitude aeronáutica.

Esta sanción só poderá impoñérselles aos pilotos dunha aeronave militar cando incorran na responsabilidade disciplinaria prevista no número 8 do artigo 17 desta lei.»

Disposición adicional única. *Modificación do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza.*

O Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Establécese un sistema de indemnizacións cando se produza a morte ou danos físicos ou psíquicos do persoal relacionado no artigo 2, con motivo da súa participación nunha operación de mantemento da paz, de asistencia humanitaria ou noutras de carácter internacional que fosen aprobadas especificamente polo Goberno para estes efectos.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«A indemnizacións establecidas neste real decreto lei son de aplicación a:

a) Os membros das Forzas Armadas españolas que participen nas operacións citadas no artigo 1, con inclusión daqueles que, dependentes do Ministerio de Defensa, formen parte da tripulación dos medios de transporte nos cales se realicen os desprazamentos.

b) O membros das forzas e corpos de seguranza do Estado que participen nas operacións mencionadas no artigo 1.

c) O persoal de nacionalidade española ao servizo das administracións públicas, incluíndo o contratado en España a título individual polo Estado, que se desprace ao territorio no cal se realice a operación para participar nela ou que se encontre destinado no dito territorio.»

Disposición derradeira única.

Non ten carácter de lei orgánica o contido da disposición adicional desta lei.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12869 *LEI 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural. («BOE» 158, do 3-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Directiva 98/30/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 1998, relativa a normas comúns para o mercado interior do gas natural estableceu as bases para a creación do mercado interior do gas na Unión Europea. A experiencia adquirida con esta directiva permitiu identificar o acceso á rede, o acceso ao almacenamento, as cuestións de tarificación, a interoperabilidade de sistemas e os distintos graos de apertura dos mercados entre Estados membros como os principais obstáculos para a realización dun mercado interior plenamente operativo e competitivo.

Por iso, a Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de xuño de 2003, estableceu novas normas comúns para completar o mercado interior do gas natural, e derogou a Directiva 98/30/CE. Os principais aspectos que considera a citada Directiva Europea 2003/55/CE son as obrigas que os Estados lles poderán impoñer ás empresas que operan no sector do gas natural para protexer o interese económico xeral, as medidas de protección do consumidor que se poden referir á regularidade, á calidade e ao prezo das subministracións, á supervisión da seguranza de subministración, á obrigatoriedade do establecemento de normas técnicas, á designación e funcións dos xestores de redes de transporte, de distribución, e á posibilidade de explotación combinada de ambas as dúas redes, así como á organización do acceso ás redes.

A lei inclúe medidas para conseguir un mercado interior de gas natural plenamente liberalizado do cal se poida derivar unha maior competencia, redución de prezos, e mellora na calidade do servizo ao consumidor final. Para iso afóndase no correcto funcionamento do acceso ás redes garantindo a transparencia, obxectividade e non-discriminación. Precisamente para garantir a ausencia de discriminación, unha auténtica competencia e un funcionamento eficaz do mercado, no seu artigo 25, a directiva establece os aspectos que deberán supervisar, en cada Estado membro, as autoridades reguladoras.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e as súas disposicións normativas de desenvolvemento, estableceron o réxime xurídico das actividades de transporte, distribución, almacenamento, regasificación e subministración dos suxeitos que interveñen no sistema

gasista, de acordo co disposto na Directiva 98/30/CE e definiron claramente as funcións e responsabilidades de todos os axentes que interveñen no sistema gasista.

Analizada a normativa que regula o sistema gasista español, tendo en conta o contido da mencionada Directiva 2003/55/CE hai que sinalar que a maior parte das disposicións establecidas nela se atopan xa incorporadas na lexislación española: Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a súa normativa de desenvolvemento.

Malia o anterior, as obrigas de separación xurídica no mercado liberalizado das actividades de transporte, distribución, regasificación ou almacenamento por unha parte, das actividades de produción ou subministración de gas natural, por outra, e a obriga de separación funcional que impón a Directiva 2003/55/CE, exige a adecuación á devandita directiva do título IV da Lei 34/1998 sobre ordeñación da subministración de gases combustibles por canalización.

Por iso se modifica o capítulo II do devandito título da lei redefinindo as actividades dos diferentes suxeitos que actúan no sistema gasista, establecendo unha separación xurídica e funcional das denominadas «actividades de rede» das actividades de produción e subministración, e eliminando a posible competencia entre os distribuidores e os comercializadores no sector da subministración coa desaparición do sistema de tarifas e a creación dunha tarifa de último recurso á cal se poderán acoller aqueles consumidores que se consideren en función da situación e evolución do mercado.

Créase a Oficina de Cambios de Subministrador, o que garante que o dereito ao cambio do subministrador dos consumidores de gas se exerza baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

Para garantir o correcto funcionamento do novo modelo adáptase o contido do capítulo III relativo á xestión técnica do sistema, reforzando a independencia do Xestor técnico do sistema, e do capítulo IV relativo ás actividades de regasificación, transporte e almacenamento de gas natural, exixindo a separación xurídica e funcional de acordo co establecido na citada Directiva 2003/55.

Ademais revísanse as obrigas e dereitos dos suxeitos do sistema gasista que realizan as actividades de distribución e subministración de gas natural consideradas nos capítulos V e VI, respectivamente, do citado título IV da Lei 34/1998.

Por outra banda, realízanse as modificacións necesarias no capítulo V, para adaptar o réxime económico do sector á nova situación en que son os comercializadores os únicos axentes que realizan a subministración en condicións de libre competencia, coas excepcións necesarias para o «subministrador de último recurso».

A lei adapta os artigos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, en materia de seguranza e diversificación de subministración, de acordo coas funcións asignadas aos diferentes suxeitos que actúan no sistema gasista.

Establécese un período transitorio, ata o 1 de xaneiro de 2008, para a adaptación progresiva do modelo existente ao novo modelo definido nesta lei.

Ademais, como consecuencia do novo modelo establecido para o funcionamento do sistema gasista resulta necesario actualizar os termos dos artigos 109, 110 e 115 da lei nos cales se establece o réxime sancionador para as actividades do sector de hidrocarburos.

Artigo único. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modifícase nos seguintes termos:

Un. O título e a redacción do artigo 3 pasan a ter a seguinte redacción: